

CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE O CONSELLO DA  
AVOGACIA GALEGA E VIAQUA GESTION DE AGUA DE GALICIA SAU

**ASINANTES**

DUNHA PARTE, **dona Lourdes Carballo Fidalgo**, en calidade de presidenta do Consello da Avogacía Galega (en adiante CAG), segundo a elección realizada polo Pleno do 22 de xullo de 2022, con sede na rúa Federico Tapia 11-1ª da Coruña.

E, DOUTRA PARTE, **don Iván José Vicente García** na súa condición de Conselleiro Delegado de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU (en adiante Viaqua), con domicilio social na rúa Jose Villar Granjel 33, 15890 de Santiago de Compostela.

As partes intervenientes, segundo así o declaran, teñen capacidade legal suficiente para a formalización do presente convenio, e

**MANIFESTAN**

I. Que o Consello da Avogacía Galega é unha corporación de dereito publico que está conformada polos sete colexios da avogacía de Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo).

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, a súa finalidade é agrupar e coordinar os colexios da avogacía integrados nel e asumir a súa representación en cuestións de interese común perante a Xunta de Galicia e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa física ou xurídica en que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio. Conforme o artigo 5, entre as súas funcións

atópase a de fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades en relación á profesión de avogado, que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional a promoción cultural, convocar e realizar congresos, xornadas, simposios, e actos semellantes relacionados co exercicio da avogacía na Comunidade Autónoma, podendo establecer para tales fins os concertos ou acordos mais oportunos coa Administración ou institucións e entidades que correspondan.

II. Que Viaqua ten por obxecto a xestión do ciclo integral da auga en diversos municipios de Galicia, mediante contratos administrativos, tendo de serlle de aplicación o Dereito Administrativo

III. Que o CAG, está interesado, dentro da súa actividade formativa, en crear unha Sección de Dereito Administrativo cuxo obxecto é posibilitar o contacto entre profesionais da avogacía especializados en Dereito Administrativo, o intercambio de información técnico xurídica e a transmisión aos membros dos sete colexios que integran o CAG de ditos coñecementos, así como a outros profesionais cuxa actividade se encontre relacionada co Dereito Administrativo, cooperando coas administracións públicas, organismos, institucións, asociacións e entidades similares.

IV. Que Viaqua está interesada en establecer unha colaboración nos campos formativos, científicos e técnicos de interese común, incluíndo a participación en proxectos conxuntos de interese mutuo, contribuíndo coas súas diferentes actividades ao fomento do proxectos de colaboración no ámbito do dereito administrativo, en xeral, e do dereito ambiental e en materia de contratación administrativa, en particular.

En virtude do anterior, as partes acordan a formalización do presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

## CLAUSULAS

### **Primeira. – Obxecto.**

As partes, por medio deste Convenio, establecen un acordo marco co obxecto de fixar as liñas ~~específicas~~ de colaboración entre ambas nas actividades que se realicen no ámbito das súas respectivas competencias e, máis concretamente, nas relacionadas con asuntos que lles afectan en temas de Dereito Administrativo.

### **Segunda. – Liñas de colaboración básica.**

A estes efectos, ambas as partes conveñen en realizar actividades conxuntas en cantas materias resulten de interese común no ámbito de Dereito Administrativo. A título enunciativo, e sen prexuízo do establecido na cláusula seguinte, formarán parte das actividades a desenvolver no presente convenio as seguintes:

- A organización e realización conxunta de seminarios, xornadas e cursos.
- A realización de investigacións, publicacións e proxectos de interese común e da forma conxunta que se crea convinte entre ambas partes sobre calquera actividade que lle sexa de interese.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coas actividades desenvolvidas por ambas partes.
- Difusión e intercambio por ambas as partes de documentos e publicacións de interese común editados por calquera delas.
- Calquera outra que se estime de interese para ambas partes e sexa acordada pola Comisión de Seguimento do convenio.

### **Terceira. – Planificación de actividades.**

As partes, para o mellor desenvolvemento deste convenio, estableceran un plan de actuación conxunta cos proxectos, programas e actividades en materia de Dereito Administrativo que estimen convenientes.

No devandito plan de actuación determinarase, no seu caso, calquera variación respecto dos medios materiais e persoais necesarios para acometer as actividades programadas. Os sucesivos plans de actuacións serán incorporados ao presente convenio por medio de anexos subscritos por ambas as partes.

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste convenio será obxecto dun convenio específico que debera conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- (i) Definicións do obxecto que persigue
- (ii) Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases e a cronoloxía do seu desenvolvemento
- (iii) Orzamento total e medios materiais e persoais que precise o citado programa, con especificación das fontes de financiación
- (iv) Normas de coordinación, execución e seguimento do proxecto
- (v) Nome das persoas, unha por cada parte, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do convenio.

#### **Cuarta. – Información recíproca**

Con independencia da colaboración decidida cada ano, as partes comprométese a informarse entre si, coa suficiente antelación, dos programas e actividades de formación previstos por cada unha delas en relación coas materias obxecto do presente convenio, co fin de valorar e decidir a participación que cada unha poda ter nas actividades da outra.

#### **Quinta. – Duración**

O presente convenio terá unha duración de UN ANO, prorrogable por períodos iguais entrando en vigor o mesmo día da súa firma.

#### **Sexta. – Protección de datos e confidencialidade.**

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, os asinantes do

convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante na materia.

Sen prexuízo do disposto no artigo 8 da devandita Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes comprométense a manter a confidencialidade sobre as cláusulas deste convenio e a non revelalas sen a previa e preceptiva autorización escrita de cada unha delas. O compromiso de confidencialidade establecido na presente cláusula manterase durante a vixencia do convenio e unha vez finalizado o mesmo.

#### **Sétima. – Responsabilidade**

As partes garanten que ningún dos compromisos asumidos contén nada que poida considerarse ilícito ou lesivo de dereitos de terceiros, eximíndose reciprocamente de calquera responsabilidade neste senso.

Así mesmo garántense que dispoñen de todos os dereitos, licenzas, autorizacións e/ou permisos necesarios para levar a cabo a actividade contemplada no presente convenio.

As partes serán responsables dos danos e perdas causados polos soportes ou elementos aos que se tivesen incorporado os signos distintivos, así como polos danos a persoas ou cousas que sexan causados con ocasión do cumprimento e efectividade do presente convenio e pola organización e realización do obxecto do seu obxecto.

### **Oitava. -Resolución**

O presente convenio extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por mutuo acordo das partes.
- b) Por denuncia de calquera das partes, formalizada por escrito con tres meses de antelación ó seu vencemento, salvagardando en todo caso os acordos alcanzados respecto a actuacións ou actividades en marcha.
- c) Por incumprimento de calquera das cláusulas ou acordos do presente convenio ou dos anexos ao mesmo, se é o caso.

En calquera caso, cando a extinción provoque ou prexuízos, á parte prexudicada poderá reclamar o resarcimento e/ou indemnizacións que procedan, excepto no suposto previsto en la letra a).


### **Novena. – Divulgación**

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.


### **Décima. – Xurisdición e competencia**

As partes comprométese a solucionar de forma amigable todas as cuestións que poidan xurdir con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio. As partes, con renuncia expresa ao foro que puidese corresponderlles, sométese aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela para a resolución de calquera diverxencia que puidese xurdir con motivo da interpretación ou execución do presente acordo.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio na data da sinatura electrónica.



Lourdes Carballo Fidalgo  
Presidenta do Consello da Avogacía Galega



Iván José Vicente García  
Conselleiro Delegado de Viaqua